

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 1 de xuño de 2015**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D. Angel Rivas González  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez

**Invitados:**

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e trinta e cinco minutos do día un de xuño de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral acctal., Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(668).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(669).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A INSTALACIÓN E EXPLOTACIÓN DE SERVIZOS DE TEMPORADA NAS PRAIAS DO CONCELLO DE VIGO 2015. EXPTE. 10618/306.**

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 1.06.15, conformado pola concelleira da Área de Medio Ambiente, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 5 de decembro de 2014 acordou aprobar o Plan de ocupación e explotación dos servizos de temporada nas praias do termo municipal de Vigo para o ano 2015, así como a súa remisión ao Servizo Provincial de Costas do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.*

*O Servizo Provincial de Costas de Pontevedra aprobou mediante resolución do 24 de marzo de 2015 as ocupacións temporais do dominio público marítimo-terrestre solicitadas polo Concello de Vigo para a instalación dos quioscos do Vao, Etea e A Punta sinalando as condicións xerais e particulares que deberán cumprirse.*

*Mediante resolución do 12 de maio de 2015 a Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo outorgou ao Concello de Vigo autorización para a instalación de quioscos nos areas da Punta (A Guía), de Santa Baia, de Tombo de Gato, de Argazada e de Samil.*

*A oficina de contratación elaborou un prego de condicións para a licitación da explotación dos servizos de temporada polo procedemento aberto.*

*Resulta necesaria a tramitación urxente do expediente xa que nestas datas as praias teñen unha gran afluencia, resultando necesario que estean en funcionamento os servizos hixiénico-sanitarios públicos que levan asociados ditos quioscos. E non foi posible a tramitación do expediente ata obter as autorizacións sectoriais do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra e a Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, téndose recibido esta última autorización en data 22 de maio de 2015. E nestas autorizacións se impoñen ós adxudicatarios determinadas condicións técnicas e xurídicas que é preciso recoller no prego de cláusulas administrativas particulares, ó que imposibilitou a previa tramitación do expediente.*

*O prazo das autorizacións será para o período comprendido entre o 01-06-2015 e o 30-09-2015.*

*O canon mínimo a esixir aos licitadores e o resultado de aplicar a taxa por aproveitamento especial de terreos de dominio público local con instalación de quioscos ao que se lle engadiu as taxas que o concello ten que a aboar á Xunta de Galicia e Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente pola instalación dos quioscos.*

*A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP).*

*En mérito ó que antecede, e vistos os informes da Asesoría Xurídica de datas 28 e 29 de maio de 2015 e 01 de xuño de 2015 e de Intervención Xeral de 01 de xuño de 2015, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“1º.- Declara-la urxencia na tramitación do expediente 10618-306 para a instalación e explotación de servizos de temporada nas praias do concello de Vigo durante a tempada estival do ano 2015.*

*2º.- Aproba-lo prego de cláusulas administrativas para a instalación e explotación de servizos de temporada nas praias do concello de Vigo durante a tempada estival do ano 2015 de data 01-06-2015.*

*3º.- Convoca-lo procedemento aberto para o outorgamento das autorizacións mediante a inserción do correspondente anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra”.*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e corenta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.